



PLAN DIXITAL

CPI de San Vicente

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

1.a. Nome completo: Centro Público Integrado de San Vicente

1.b. Localización: Rúa Tedelle s/n, San Vicente, A Baña, A Coruña.

1.c. Comunicación:

Teléfonos: 881867001, 881867002, 881867003, 881867004

Correo electrónico: cpi.san.vicente@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpisanvicente/>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

No concello da Baña existe un número significativo de **familias extensas** nas que conviven tres xeracións distintas. Existen tamén numerosas **familias nucleares** nas que os proxenitores conviven cos seus fillos, entre un e dous, e un pequeno número de **familias monoparentais**.

O tipo de poboación anteriormente descrito dá lugar a un alumnado bastante homoxéneo que convive de xeito harmónico, non producíndose, salvo en contadas excepcións, conflitos ou problemas significativos de convivencia no centro escolar. Aínda así, o centro escolar preocúpase por desenvolver de xeito interdisciplinar e dentro do Plan de Acción Titorial en todas as etapas educativas, medidas de **sensibilización e prevención** do acoso, a discriminación ou a violencia, así como de potenciación dunha cultura de **xestión pacífica dos conflitos**.

a. Necesidades:

A dispersión da poboación, xunto coa limitada oferta de servizos de transporte dá lugar a unha escasa oferta de actividades complementarias para os menores de 16 anos, tanto culturais coma deportivas. Ao mesmo tempo, e tamén como consecuencia da distribución territorial da poboación, en moitos lugares carecen

dunha conexión a Internet minimamente aproveitable para o desenvolvemento do traballo escolar.

Por este motivo, o centro escolar procura, na medida das súas posibilidades, compensar esas desigualdades proporcionando ao alumnado o acceso a actividades educativas e recursos de aprendizaxe dos que poidan carecer nos seus fogares, por un lado colaborando co Concello da Baña e a ANPA Vieiro do Ensino na organización de actividades extraescolares no centro educativo e, por outro, mantendo aberta a biblioteca escolar todas as tardes de 15:30 a 17:30 e participando en diferentes programas de innovación educativa en horario escolar e extraescolar como os Contratos Programa, E-Dixgal ou Digicraft no teu cole.

MEDIDAS PRIORITARIAS:

Na organización e xestión:

Fomentar e dinamizar o funcionamento de equipos docentes de traballo colaborativo que abrangan as tres etapas educativas.

Deseño de horarios, espazos, actividades e *curricula* priorizando a inclusión e a atención á diversidade.

Na convivencia:

Establecer canles directas e seguras de comunicación con familias, institucións e contorna.

Garantir a difusión e o desenvolvemento do plan de igualdade en todas as etapas educativas e en todas as áreas do currículo.

Na aula e o currículo:

Desenvolvemento do Plan de Tratamento Integrado das Linguas.

Desenvolvemento da competencia dixital.

Desenvolvemento de proxectos anuais interdisciplinares baseados na aprendizaxe por proxectos.

Deseño dun programa de formación de profesorado anual baseado nas necesidades de formación do equipo docente.

Propostas de actividades artísticas e creativas, interdisciplinares e abertas a toda a comunidade educativa.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Debido aos continuos avances na implantación das novas tecnoloxías nas aulas, vemos necesario establecer un plan dixital no noso centro; tanto para reforzar as nosas fortalezas como para mellorar as nosas debilidades entre as que cabe destacar a formación do profesorado y do alumnado nesta materia.

- Está recollido no *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación e na disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de E.I, E.P, E.S.O e Bacharelato no curso académico 2021/2022.*

1.4. Proceso de elaboración

1º TRIMESTRE	FUNCIÓN	AXENTES
NOVEMBRO	- Reunión para crear e nomear os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.	Equipo Directivo
	- Reunión do Equipo de Dinamización do Plan Dixital para elaborar estratexias para a elaboración do Plan Dixital a partir da Resolución de 3 de setembro de 2022.	Equipo Dinamización do Plan Dixital
	- Realización da avaliación SELFIE.	Equipo Directivo Corpo docente do centro Censo de alumnado
DECEMBRO	- Análise dos resultados da avaliación SELFIE.	Equipo Dinamización do Plan Dixital

2º TRIMESTRE	FUNCIÓN	AXENTES
XANEIRO	- Elaboración do DAFO cos resultados da avaliación SELFIE e do CDD.	Equipo Dinamización do Plan Dixital
FEBREIRO	- Realización do Test de Competencia Docente (CDD).	Equipo Directivo Corpo docente do centro

MARZO	- Análise dos resultados do Test CDD.	Equipo Dinamización do Plan Dixital
-------	---------------------------------------	-------------------------------------

3º TRIMESTRE	FUNCIÓN	AXENTES
ABRIL	- Revisar os obxectivos prioritarios de actuación.	Equipo Dinamización do Plan Dixital
MAIO	- Elaborar o Plan Dixital.	Equipo Dinamización do Plan Dixital
XUÑO	- Dar a coñecer o Plan Dixital.	Equipo Directivo

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura

A infraestrutura dixital do centro é mellorable , o nivel de conectividade é bo, temos internet inalámbrico en todo o centro, aínda que o cableado do rack principal necesita unha revisión.

Equipamento

EquipamentoNo noso centro contamos con equipos informáticos en tódalas aulas, así coma proxector ou pizarra electrónica.

Tamén temos 6 equipos informáticos na sala de traballo, no despacho de dirección e na secretaria. .

Posuímos tamén 12 tablets cedidas por DIGICRAFT, dous ipad .

Dous ordenadores na zona de xestión de catálogos da biblioteca e un de consulta.

Na aula de Tecnoloxía tamén temos 4 ordenadores.

4 Postos de traballo de xestión e administración do centro.

16 Postos na aula de informática.

Servizos dixitais

Os servizos dixitais que posúe o centro son a páxina web do mesmo, aula virtual e espazoAba-lar.

A Xestión do mantemento do equipamento do centro corre ao cargo dunha empresa que nos asesora e nos axuda dúas horas semanais de presenza no centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3	3,0			
	Profesorado	3,8	3,9			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,0	3,2			
	Profesorado	3,4	3,8			
	Alumnado	4,3	3,1			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,5	4,1			
	Profesorado	4,1	4,5			
	Alumnado	4,4	3,8			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,0	4,2			
	Profesorado	4,5	4,5			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,3	3,4			
	Profesorado	3,8	4,4			
	Alumnado		4,1			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,2	3			
	Profesorado	3,4	3,8			
	Alumnado	3,8	3,2			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5	2			
	Profesorado	3,2	3,4			
	Alumnado		2,9			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,2	3,4			
	Profesorado	3,4	4,2			
	Alumnado	4,4	3,5			

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	21	66,7%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	3	66,7
SUBSTITUTO	2	3	66,7
Outros	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	69,4	Integrador (B1)	79,2	Integrador (B1)
Inf.	82,3	Integrador (B1)	68,2	Integrador (B1)
Pri.	76,3	Integrador (B1)	77	Integrador (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	10%
A2	9	45%
B1	5	25%
B2	2	10%
C1	2	10%
C2	0	0%
TOTAL	20	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		C7. Política de protección de datos insuficiente.
	PERSOAL DOCENTE	E1. Uso habitual de recursos educativos en línea	
	PERSOAL NON DOCENTE		-B1. Falta de avaliación das colaboracións, dentro e fóra da organización. -E3. Escaseza de entornos virtuais de aprendizaxe. -D3. Intercambio de experiencias escaso. -F6. Falta de proxectos interdisciplinares.
	ALUMNADO	C8. Boa familiarización do alumnado coa utilización dos dispositivos dixitais	
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3. Asentamento de novas modalidades de ensino e publicación das mesmas.	A1. Estratexia dixital sen definir.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C7. Oferta de ferramentas colaborativas seguras (Aqueiro)	
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		B3. Mellora nas colaboracións con entidades externas.

3. Plan de Acción

O plan de acción está contemplado para ser implantado ao longo do curso académico 2022- 2023 segundo a prioridade de actuación que sexa necesaria. Neste senso, durante o curso escolar prestarase especial atención a frear a brecha dixital e a formación do profesorado e alumnado, principalmente.

Cada unha das accións propostas ten un obxectivo medible, real, planificado e axustado ás necesidades do centro. Veñen determinadas unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e ao final do curso académico.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: Liderado (A) Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo						
OBXECTIVO 1: (1)	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro(A2*)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias a través do sistema AbalarPro (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida: (3)	0% EI, 0% EP, 35% ESO de titores/as					
Valor previsto e data: (4)	80% de titores			20/6/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación e da mentorización sobre o programa AbalarPro	Equipo directivo Coordinador TIC	1/10/22	Equipo directivo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Fomentar a titorización entre iguais para formar as persoas titoras na ferramenta AbalarPro	Profesorado do grupo de traballo	22/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas	Persoas titoras	20/06/23	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Formación para familias no manexo e aproveitamento do espazo abalar: mensaxería,	Dirección Equipo TIC Persoas titoras		Páxina web do centro ANPA		Realizada	
					Aprazada	

xustificación de faltas, titoría,					Pendente
-----------------------------------	--	--	--	--	----------

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)

OBXECTIVO 2: (1)	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B3*)	Acadado
Responsable:	Dirección, persoa responsable acts. Extraescolares ou equipo TIC	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: Memoria anual)	
Valor de partida: (3)	4 colaboracións no 21-22 (charlas, visitas obradoiros...)	
Valor previsto e data: (4)	Manter 4 colaboracións (charlas, visitas, videoconferencias,obradoiros...)	30/6/23

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías"	Dirección ou persoa responsable acts. extraescolares	1/10/22			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (orientación laboral, coñecemento profesional, medio ambiente, ciencia en galego, ...)	Dirección ou persoa responsable acts. Extraescolares Equipo TIC	07/05/23			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3: Formación para familias sobre novas tecnoloxías: perigos das RRSS, control parental, ferramentas de traballo escolar (AV, E-Dixgal...)	Dirección CAFI ANPA	20/06/23			Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)						
OBXECTIVO 3: (1)	Garantir a protección de datos co uso exclusivo de nubes corporativas (C7*)				Acadado	
Responsable:	Dirección e responsable TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de profesorado que as emprega (Instrumento: Enquisa ao profesorado participante no PFPP)					
Valor de partida: (3)	Sen número					
Valor previsto e data: (4)	85% dos docentes que participen no PFPP			30/6/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:Solicitar, a través dun PFPP, formación sobre seguridade, protección de datos e nubes corporativas	Dirección ou persoa responsable TIC	1/10/22	Convocatoria do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Crear formularios de avaliación sobre o emprego das nubes corporativas	Xefatura de estudos ou persoa responsable TIC	20/06/23	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Formación para familias sobre a LPD e ciberseguridade.	ENANPA CAFI		ENANPAs do CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Area/s de mellora: Pedagogía: Prácticas de avaliación (G)						
OBXECTIVO 4: (1)	Empregar ferramentas de avaliación entre iguais nas plataformas de ensino (G6*)				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de cursos que teñen esta avaliación					
Valor de partida: (3)	sen datos previos					
Valor previsto e data: (4)	25% dos cursos			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Incluir tarefas ou traballos que permitan ser avaliados polo alumnado.	Profesorado das diferentes materias	30/06/23	Aula virtual, Edixgal ou Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2:Preparar ao alumnado en prácticas de coavaliación, mediante rúbricas.	Profesorado das diferentes materias equipo TIC	30/06/23	Aula virtual, Edixgal ou Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Formación para profesorado no deseño de actividades de coavaliación nas plataformas de Ensino Virtual: AV e E-Dixgal	Dirección Equipo TIC		PFPP CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula(F)						
OBXECTIVO 5: (1)	Empregar actividades de aprendizaxe dixitais colaborativas entre o alumnado, profesorado e familias (F5)				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Numero de proxectos e actividades interdisciplinares realizadas no espazo dos POLOS CREATIVOS.					
Valor de partida: (3)	sen datos previos					
Valor previsto e data: (4)	Mínimo de 3 actividades realizadas cos alumnos e 1 coas familias			30/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Constituír un GT interdisciplinar para aprender a utilizar o equipamento administrado no espazo dos POLOS CREATIVOS	Xefatura de estudos. Profesorado	20/10/22	Acta de constitución do GT		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Crear e deseñar actividades e proxectos para levar a cabo seguinte ano académico.	Coordinador/a do GT e responsable TIC	30/06/23	Grupo de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A5.3: Fomentar a participación das familias na realización dos proxectos deseñados	Responsable TIC	30/06/23	Tripticos informativos e reunións informativas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Na actualidade, en relación co equipamento precisaríamos renovar os ordenadores de aula en varias unidades. Os ordenadores que dispoñemos en 8 unidades foron adquiridos polo centro hai bastantes anos e teñen procesadores moi básicos.

Tamén pensamos que sería interesante un ordenador conectado con unha pantalla de gran tamaño para a entrada principal do centro para poder facer presentacións, e dar informacións importantes e avisos.

En referencia a infraestruturas cremos que sería interesante reorganizar e centralizar algúns racks secundarios e ampliar o principal.

Estamos á espera da dotación dos POLOS CREATIVOS que nos proporcionaría recursos de gran valía para mellorar a nosa competencia e renovar a nosa metodoloxía en referencia á educación dixital.

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do plan de acción

- Faremos o seguimento cunha avaliación procesual analizando os datos dos logros e accións realizadas cando menos unha vez ao trimestre.
- Ao finalizar o curso académico valoraremos de forma global o logro dos obxectivos e as propostas de mellora con vistas ao próximo curso.

4.2. Propostas de mellora

- Avanzar na utilización de medios e ferramentas corporativas para mellorar o tratamento da protección de datos.
- Diseñar e executar espazos no centro onde poder realizar proxectos interdisciplinares onde poder integrar recursos dixitais para executalos de forma habitual, abrindo dito espazo á comunidade educativa.
- Promover as ferramentas corporativas dixitais educativas.
- Empregar actividades de aprendizaxe dixitais colaborativas entre o alumnado, profesorado e familias.
- Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro.

5. Difusión do plan

- Posta en común no primeiro claustro do curso académico 2022-2023 para a explicar a estratexia a seguir deste plan dixital.

- Publicación do plan dixital na web do centro para toda a comunidade educativa.